

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7230 *Real decreto lei 11/2017, do 23 de xuño, de medidas urxentes en materia financeira.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Este real decreto lei regula unha serie de medidas de carácter urxente en relación co sector financeiro, coa finalidade de permitir que determinadas entidades de crédito adopten políticas e estratexias para mellorar a súa resistencia aos riscos que poden xurdir no exercicio da súa actividade, así como facilitar o cumprimento dos requisitos establecidos pola nova regulación financeira e adecuala aos estándares internacionais e europeos.

Procédese, por un lado, a incorporar expresamente ao réxime xurídico das cooperativas de crédito a posibilidade de integrarse en sistemas institucionais de protección previstos na normativa europea, adoptando unha serie de medidas destinadas a facilitar a súa constitución e potenciar o seu eficaz funcionamento; e, por outro lado, a introducir, seguindo os estándares internacionais, unha especialidade no réxime concursal das entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, como é a distinción, dentro da categoría dos créditos ordinarios, entre créditos preferentes e créditos non preferentes.

Para tal fin, esta norma modifica a Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito; o Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito; a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento; e o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

II

O sector de cooperativas de crédito conseguiu afrontar a crise financeira sufrida recentemente debido principalmente ao seu modelo de negocio sinxelo e ao seu enfoque de medio e longo prazo. No entanto, como recoñece o Banco de España no seu recente Informe de estabilidade financeira, persisten riscos que afectan o sector financeiro, derivados do contorno de baixos tipos de xuro, do decrecente aínda que elevado número de activos improditivos (fundamentalmente dúbidosos e adxudicados) e do incremento dos custos legais. As cooperativas de crédito, á hora de enfrontarse a estes e outros retos, poden ter maiores dificultades que outro tipo de entidades para captaren recursos nos mercados, dado o seu pequeno tamaño e as características do modelo cooperativo que introduce restricións a determinadas operacións como a venda da propia entidade. De feito, experiencias recentes poñen de manifesto a necesidade de potenciar os instrumentos que permitan a adopción de solucións que non exixan a intervención dos poderes públicos e que eviten que as entidades cheguen a unha situación irreversible que obrigue á súa resolución ou liquidación concursal, coas consecuencias que iso pode supor en termos de menor competencia, inclusión financeira e impacto na actividade económica no medio local. Iso deriva da importancia das cooperativas de crédito en contornos rurais, as súas destacadas cotas de mercado a nivel provincial e o seu mercado enraizamento local, que determinan a súa relevancia para o financiamento de axentes económicos de menor tamaño do sector agrario, industrial e profesional, tales como pemes, autónomos ou emprendedores que, en ocasións, presentan maiores dificultades á hora de captar financiamento.

Resulta, pois, necesario e urgente dotar as cooperativas de crédito, coa maior celeridade posible, de instrumentos que, tendo en conta experiencias recentes, lles permitan abordar as situacións de dificultade a que teñan que enfrontarse con axilidade e a través de medidas eficaces.

Para estes efectos, o real decreto lei introduce un novo artigo 10 bis na Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, conforme o cal se permite que este tipo de entidades de crédito se poidan integrar en dous tipos distintos de sistemas institucionais de protección: en primeiro lugar, os sistemas institucionais de protección reforzados ou de mutualización plena, regulados na disposición adicional 5.^a da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito; e, en segundo lugar, os denominados sistemas institucionais de protección normativos, regulados no artigo 113.7 do Regulamento UE 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento UE 648/2012.

Adicionalmente, e co obxectivo de adaptar o réxime das cooperativas de crédito ao funcionamento destes sistemas institucionais de protección, a norma modifica unha serie de artigos da citada Lei de cooperativas de crédito nos termos e cos obxectivos que se detallan a continuación.

En primeiro lugar, permítese que as operacións desenvolvidas por unha cooperativa coas demais entidades integrantes do sistema institucional de protección do cal forma parte non computen para efectos do límite do 50% dos recursos totais previstos polo artigo 4.2 da Lei de cooperativas de crédito para as operacións activas con terceiros.

En segundo lugar, especifícase que os límites á participación no capital das cooperativas de crédito non son aplicables cando quen participe sexa o fondo de garantía privado constituído no marco do sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento UE 575/2013 do que a cooperativa forme parte. Non obstante, nestes casos introdúcese a obriga de lle presentar ao Banco de España, para a súa aprobación, un plan de actuación que incluírá medidas adecuadas para permitir o desinvestimento do fondo en condicións adecuadas para todas as entidades integrantes do sistema institucional de protección. Tampouco se aplicarán os ditos límites en caso de medidas adoptadas no marco da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Fronte ás restricións existentes na normativa vixente, estas dúas previsións permitirán, a partir de agora, que as entidades integrantes dun sistema institucional de protección poidan, ante situacións de risco, facer un uso eficaz do dito fondo de garantía privado para adoptaren con rapidez e cunha maior efectividade medidas que permitan asistir unha das súas entidades participantes en dificultades con carácter previo a calquera actuación de resolución ou liquidación e con aínda maior eficacia do que ata agora permiten as solucións privadas.

Por outro lado, e para favorecer a constitución dos sistemas institucionais de protección no ámbito das cooperativas de crédito e garantir un tratamento adecuado destes, considérase necesario realizar adaptacións adicionais en materia de requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles e de determinación das achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos en liña coas opcións previstas tanto na Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, como na Directiva 2014/49/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa aos sistemas de garantía de depósitos.

Así, modifícase a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, co fin de que a pertenza dunha entidade a un sistema institucional de protección poida ser tida en conta para os efectos de determinar o seu perfil de risco, para establecer o requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles, tanto se o sistema institucional de protección é dos previstos na disposición adicional 5.^a da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación,

supervisión e solvencia de entidades de crédito, como dos do artigo 113.7 do Regulamento UE 575/2013.

Modifícase, así mesmo, o Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, co fin de adaptar as achegas ao Fondo de Garantía de Depósitos á constitución dun sistema institucional de protección, sexa este dos da disposición adicional 5.^a da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou dos do artigo 113.7 do Regulamento UE 575/2013. Se se trata de sistemas institucionais de protección, terase en conta a súa influencia no perfil de risco das entidades. Se se trata de sistemas institucionais de protección da disposición adicional 5.^a da Lei 10/2014, do 26 de xuño, recoñécese que as entidades centrais e as entidades de crédito integrantes dos ditos sistemas estarán suxeitas globalmente á ponderación por risco determinada para efectos do cálculo das contribucións ao Fondo de Garantía de Depósitos, para a entidade central e as integrantes de forma consolidada. Adicionalmente, habilitase o Banco de España para desenvolver a metodoloxía necesaria para determinar as achegas baseadas no perfil de risco, antes do 30 de setembro de 2017, concretando así o disposto na norma de rango legal.

III

A Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, exige que este tipo de entidades contén cun número de pasivos que poidan absorber perdas en caso de que se inicie un proceso de resolución, o que se coñece como o requisito mínimo de fondos propios e pasivos admisibles (polas súas siglas en inglés, MREL). Desta maneira, asegúrase a máxima protección dos recursos públicos en caso de que as entidades atravesen dificultades, tal e como impón a normativa da Unión Europea.

A relevancia desta exigencia circunscríbese a que, en escenarios tan extremos como a resolución dunha entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento, esta conte cun número de pasivos que lle permitan absorber perdas. Desta maneira, asegúrase que os instrumentos de resolución se poidan aplicar coa máxima eficacia, ao tempo que se incrementa a máxima protección dos recursos públicos en caso de que as entidades cheguen a esta situación.

A Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, traspuxo a Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, que se encontra actualmente en proceso de modificación para a súa adecuación aos estándares internacionais fixados polo Consello de Estabilidade Financeira e aplicados por numerosos países. Conforme estes estándares, para garantir que os pasivos computables para efectos do dito requisito mínimo non orixinen ningunha dúbida á autoridade de resolución sobre a súa capacidade de absorber perdas, é necesario que o pasivo en cuestión non teña unha orde de prelación igual a outros pasivos respecto dos cales existen dúbidas *a priori* sobre a súa capacidade de absorción de perdas.

Con esta finalidade, a Comisión Europea aprobou, o 23 de novembro de 2016, a súa proposta de Directiva do Parlamento Europeo e o Consello pola que se modifica a Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á orde de prioridade dos instrumentos de débeda non garantida en caso de insolvencia. Nela establécese un réxime harmonizado que permitirá o cómputo para efectos do requisito mínimo de fondos propios e pasivos admisibles de determinados instrumentos de débeda que cumpran con certas propiedades; a máis importante será que non teña unha orde de prelación igual a outros pasivos moito menos capaces de absorber perdas. A proposta da Comisión obedece por tanto á necesidade de incorporar ao dereito da Unión a norma de capacidade total de absorción de perdas (TLAC), publicada no marco do Consello de Estabilidade Financeira do 9 de novembro de 2016 e adoptada unha semana máis tarde no Cumio do G-20 en Turquía.

Na modificación da disposición adicional décimo cuarta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, tivéronse en conta todas estas iniciativas. Desta forma, o seu contido acolle o estándar internacional e incorpóroa ao dereito interno, como xa fixeron os países da nosa contorna, coa finalidade de cumprir da maneira máis efectiva posible cos requisitos que establece a xa de por si exixente normativa de resolución.

Adicionalmente, establécese unha nova clasificación de créditos ordinarios nos supostos de liquidación concursal das entidades de crédito e as empresas de servizos de investimento afectadas pola Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento. Dentro dos créditos ordinarios distinguiranse os créditos ordinarios preferentes e os non preferentes; os non preferentes terán unha menor prelación que os preferentes. Un crédito ordinario só poderá ser considerado como non preferente se reúne todos os requisitos previstos nesta norma, que tratan de asegurar que o pasivo absorbe perdas con facilidade se se acorda a resolución da entidade.

Mediante esta modificación da lexislación de resolución, elévanse os créditos ordinarios non preferentes a categoría legal, en liña co realizado por outros Estados membros, cos estándares regulatorios internacionais e coas propostas que actualmente se están facendo na Unión Europea.

En particular, faise uso dunha opción permitida pola proposta de Directiva do Parlamento e do Consello pola que se modifica a Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, que permite, no que respecta á orde de prioridade dos instrumentos de débeda non garantida en caso de insolvencia, a incorporación anticipada do estándar internacional, tal e como se desprende dos puntos 4 e 5 do artigo 108 do texto aprobado polo Consello da Unión Europea e remitido ao Parlamento Europeo.

De maneira complementaria á distinción introducida entre créditos ordinarios preferentes e non preferentes, modifícase o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, de modo que non se considerarán produtos non complexos os instrumentos financeiros de débeda emitidos por entidades de crédito ou entidades de servizos de investimento que pola súa vez sexan admisibles para a recapitalización interna nun contexto de resolución. Deste modo, estase outorgando unha maior protección ao investidor en consonancia co novo marco normativo de resolución creado a nivel europeo.

IV

Este real decreto lei consta de catro artigos que modifican, nos termos descritos nos expositivos precedentes, a Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito; o Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito; a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento; e o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.

A súa parte final está integrada por unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras que regulan, respectivamente, a habilitación para o desenvolvemento regulamentario da norma; os títulos competenciais, en virtude dos cales se adopta o real decreto lei, e a súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

V

As notas de extraordinaria e urxente necesidade que deben xuntar á aprobación dun real decreto lei concorren tanto nas modificacións normativas efectuadas para levar a cabo a introdución dos sistemas institucionais de protección no réxime das cooperativas de crédito como na modificación da disposición adicional décimo cuarta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Polo que respecta ás cooperativas de crédito, á luz dos riscos que afronta o sistema financeiro e o seu impacto en experiencias recentes, resulta urxente e necesario dotar estas entidades de instrumentos que faciliten evitar a súa resolución ou liquidación, coas consecuencias que iso ten sobre a competencia, a inclusión financeira e a actividade económica local. Para a súa posta en funcionamento, estes instrumentos requiren a adopción dunha serie de medidas e actuacións de modo que canto antes poidan ser iniciadas –para o cal é indispensable a aprobación deste real decreto lei, antes estarán dispoñibles para as entidades.

Polo que se refire á introdución da distinción entre créditos ordinarios preferentes e non preferentes, como xa se sinalou, as entidades de crédito e empresas de servizos de investimento están obrigadas pola normativa europea e nacional a incorporar nos seus balances un número elevado de pasivos que reúnan determinadas características que favorezan a absorción de perdas no caso da resolución dunha entidade. Contar con estes pasivos é unha obriga xa en vigor, que se reforzará cos cambios normativos que se están acometendo actualmente no ámbito da Unión Europea para adecuarse aos estándares internacionais.

Ademais, con carácter adicional ao requirimento mínimo de fondos propios e pasivos admisibles na Unión Europea (o citado MREL), as entidades globalmente sistémicas están obrigadas a cumprir coa norma de capacidade total de absorción de perdas (TLAC), publicada no marco do Consello de Estabilidade Financeira, do 9 de novembro de 2015, e adoptada unha semana máis tarde no Cumio do G-20 en Turquía. Precisamente coa finalidade de adaptar a Directiva 2014/59/UE a estes novos estándares internacionais, a Comisión Europea aprobou, o 23 de novembro de 2016, unha proposta de directiva que modifica a Directiva 2014/59/UE no que respecta á orde de prioridade dos instrumentos de débeda non garantida en caso de insolvencia.

Como consecuencia dos requirimentos descritos, as entidades terán que facer fronte, nos próximos meses, a importantes exixencias de pasivos elixibles para absorberen perdas, que terán que colocar nos mercados. O mercado da débeda *senior* non preferente ten, como todos os mercados, unha capacidade limitada de absorber operacións. Ademais, os tipos exixidos pola colocación destas emisións varían especialmente en relación cunha clase de instrumento financeiro de recente creación. Por iso, as entidades deben graduar as súas emisións de forma que o mercado poida absorbelas progresivamente e a prezos razoables.

En vista das exixencias que os estándares europeos e internacionais impoñen, do esforzo que o seu cumprimento pode supor ás entidades obrigadas e do feito de que o mercado non ten capacidade para absorber indiscriminadamente as emisións necesarias, a práctica totalidade dos países da nosa contorna e cun sector financeiro comparable ao español (Francia, Alemaña, Italia) xa adoptou, nun breve período de tempo, previsións de natureza similar, co efecto positivo que, desde o punto de vista da competencia, supón para as súas entidades de crédito e para dotar a normativa de resolución dunha efectividade aínda maior. De feito, tal e como se mencionaba anteriormente e polas razóns expostas ata agora, a proposta da Comisión Europea de Directiva relativa á orde de prioridade dos instrumentos de débeda en caso de insolvencia recolle a posibilidade de aprobar, antes de que conclúa a tramitación da proposta de directiva, réximes nacionais de débeda *senior* non preferente, sempre que estes supoñan acomodar a lexislación nacional aos estándares europeos que, pola súa vez, recollen os estándares internacionais do Consello de Estabilidade Financeira.

No entanto, España non considera expresamente a existencia da figura do crédito ordinario non preferente, nin se aplicou, salvo en casos de subordinación contractual inspirados polo principio de autonomía da vontade, unha cláusula xeneralizada de subordinación á débeda *senior* que dea seguridade xurídica e permita a estandarización das condicións deste tipo de créditos. Esta circunstancia sitúa as entidades españolas nunha grave situación de desvantaxe á hora de deseñaren o seu balance para cumprir co mínimo de pasivos exixibles.

As entidades dos países da nosa contorna xa están colocando emisións deste tipo no mercado, polo que esperar a aprobación definitiva da normativa da Unión Europea pode ser complexo, e a un custo sensiblemente superior, para que as entidades de crédito españolas cumpran coa obriga de incluír este tipo de pasivos nos seus balances.

Iso resulta especialmente relevante tendo en conta que a alternativa para as entidades ante as dificultades para alcanzar un volume mínimo de pasivos elixibles, na medida en que o requisito se calcula en termos de activos ponderados por risco, é reducir o seu balance pola vía fundamentalmente da redución do crédito concedido, cos conseguintes efectos negativos sobre a economía real e o emprego.

Nesta tesitura resulta necesario dotar, o antes posible, dun marco xurídico a captación dos pasivos para cumprir coas novas obrigacións legais nun escenario no cal as entidades teñen obrigacións precisas a este respecto e no cal as consecuencias de non cumprir con estes requirimentos teñen un impacto considerable e poden resultar especialmente graves.

As normas que neste real decreto lei se modifican ampáranse nos títulos competenciais que figuran nas normas obxecto de modificación.

Nas medidas que se adoptan neste real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a esta figura normativa.

A adopción deste real decreto lei responde aos principios de boa regulación. Desde o punto de vista dos principios de necesidade e eficacia, perséguese permitir que determinadas entidades de crédito adopten políticas e estratexias para mellorar a súa resistencia aos riscos que poden xurdir no exercicio da súa actividade, así como facilitar o cumprimento dos requisitos establecidos pola nova regulación financeira que se está implantando a nivel internacional e europeo. En canto ao principio de proporcionalidade, trátase da regulación mínima imprescindible para promover que as cooperativas de crédito dispoñan de mecanismos de cooperación formal e con compromisos firmes que permitan abordar as dificultades dos seus membros; de igual modo, no caso da débeda *senior* non preferente, trátase dunha regulación imprescindible para que as entidades españolas se enfronten en pé de igualdade cos seus competidores directos ás novas exixencias internacionais de recursos propios e pasivos exixibles. En ambos os casos perséguese, ademais, consolidar a seguridade xurídica dotando as entidades dun marco normativo para afrontaren ambas as realidades. As reformas finalmente son conformes coas exixencias do principio de transparencia e eficiencia, non soamente porque non establecen cargas administrativas senón porque se establece un réxime que permite ás entidades adoptaren as súas políticas e estratexias cun marco claro.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.*

A Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, queda modificada como segue:

Un. O punto 2 do artigo cuarto queda redactado do seguinte modo:

«2. En calquera caso, o conxunto das operacións activas con terceiros dunha cooperativa de crédito non poderá alcanzar o 50 por 100 dos recursos totais da entidade.

Non se computarán na referida porcentaxe as operacións realizadas polas cooperativas de crédito cos socios das cooperativas asociadas, as de colocación dos excesos de tesouraría no mercado interbancario nin a adquisición de valores e activos financeiros de renda fixa que se poidan adquirir para a cobertura dos

coeficientes legais ou para a colocación dos excesos de tesouraría. No caso das cooperativas de crédito integrantes dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo décimo bis desta lei, tampouco se computarán nesa porcentaxe as operacións realizadas coa entidade central, coas demais cooperativas de crédito e con outros integrantes do sistema institucional de protección.»

Dous. Engádesse un punto 5 ao artigo sétimo coa seguinte redacción:

«5. Os límites mencionados no punto 3 non se terán en conta no caso da participación por calquera medio no capital social dunha cooperativa de crédito por parte do fondo de garantía privado constituído *ex ante* no marco dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) 575/2013, do 26 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

Así mesmo, os ditos límites non se terán en conta cando se adopten algunhas das medidas previstas na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Cando o fondo de garantía privado se encontre no suposto descrito no parágrafo primeiro, deberá presentar ao Banco de España, para a súa aprobación, un plan de actuación para efectos de garantir a viabilidade que conteña medidas concretas dirixidas a permitir o desinvestimento do fondo na cooperativa de crédito en condicións adecuadas para todas as entidades integrantes do sistema institucional de protección.»

Tres. Introdúcese un artigo décimo bis coa seguinte redacción:

«Artigo décimo bis. *Sistemas institucionais de protección.*

As cooperativas de crédito poderán integrarse nun sistema institucional de protección reforzado dos recollidos e regulados na disposición adicional 5.ª da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou tamén poderán formar parte dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.*

Engádesse unha letra e) no artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, coa seguinte redacción:

«e) As entidades de crédito que pertencen a un sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, que constituíse un fondo *ex ante* que garanta que o sistema institucional de protección ten fondos directamente á súa disposición para medidas de apoio á liquidez e á solvencia, e que contribúan á prevención da resolución, poderán realizar achegas de menor contía ao Fondo de Garantía de Depósitos.

Respecto dos sistemas institucionais de protección referidos na disposición adicional 5.ª da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades de crédito, as entidades centrais e as entidades de crédito integrantes dos ditos sistemas estarán suxeitas globalmente á ponderación por risco

determinada, para efectos do cálculo das contribucións ao Fondo de Garantía de Depósitos, para a entidade central e as integrantes de forma consolidada.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.*

Modifícase a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra d) no artigo 44.2 da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, que queda redactada da seguinte forma:

«d) O tamaño, tipo de empresa, modelo de financiamento e perfil de risco da entidade. En relación co perfil de risco, terase especialmente en conta a pertenza da entidade a un sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) 575/2013, do 26 de xuño, que constituíse un fondo *ex ante* que garante que o sistema institucional de protección ten fondos directamente á súa disposición para medidas de apoio á liquidez e á solvencia, ou a un sistema institucional de protección dos previstos na disposición adicional 5.^a da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades de crédito.»

Dous. Modifícase a letra e) do artigo 48.1, que queda redactada da seguinte forma:

«e) O importe principal ou o importe pendente dos pasivos admisibles, de acordo coa prelación dos dereitos de crédito prevista na normativa concursal aplicable.»

Tres. A disposición adicional décimo cuarta queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Réxime aplicable en caso de concurso dunha entidade.*

En caso de concurso dunha entidade das previstas no artigo 1.2 desta lei:

1. Serán considerados créditos con privilexio xeral, con posterioridade na orde de prelación aos créditos con privilexio xeral previstos no artigo 91.5.º da Lei 22/2003, do 9 de xullo:

a) os depósitos garantidos polo Fondo de Garantía de Depósitos e os dereitos en que se subrogase o dito fondo de ter feito efectiva a garantía;

b) a parte dos depósitos das persoas físicas e das microempresas, pequenas e medianas empresas que exceda o nivel garantido previsto no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, e os depósitos das persoas físicas e das microempresas, pequenas e medianas empresas que serían depósitos garantidos se non estivesen constituídos a través de sucursais situadas fóra da Unión Europea de entidades establecidas na Unión Europea.

2. Serán considerados créditos ordinarios non preferentes, posteriores na orde de prelación ao resto dos créditos ordinarios previstos no artigo 89.3 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, aqueles que resulten de instrumentos de débeda que cumpran as seguintes condicións:

a) que fosen emitidos ou creados con prazo de vencemento efectivo igual ou superior a un ano;

b) que non sexan instrumentos financeiros derivados nin teñan instrumentos financeiros derivados implícitos;

c) que os termos e as condicións e, se é o caso, o folleto relativo á emisión, inclúan unha cláusula na cal se estableza que teñen unha prelación concursal

inferior fronte ao resto de créditos ordinarios e que, polo tanto, os créditos derivados destes instrumentos de débeda serán satisfeitos con posterioridade aos restantes créditos ordinarios.

Os créditos ordinarios que reúnan as condicións enumeradas nas letras anteriores terán unha prelación superior aos créditos subordinados incluídos no artigo 92 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, e serán satisfeitos con anterioridade a estes.

3. Os créditos subordinados incluídos no artigo 92.2.º da Lei 22/2003, do 9 de xullo, terán a seguinte prelación:

- a) O importe principal da débeda subordinada que non sexa capital adicional de nivel 1 ou capital nivel 2.
- b) O importe principal dos instrumentos de capital de nivel 2.
- c) O importe principal dos instrumentos de capital adicional de nivel 1.»

Artigo cuarto. *Modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, nos seguintes termos:

O punto 3 do artigo 217 queda redactado da seguinte forma:

«3. Para efectos do previsto neste capítulo, non se considerarán instrumentos financeiros non complexos:

- a) os valores que dean dereito a adquirir ou a vender outros valores negociables, ou que dean lugar á súa liquidación en efectivo, determinada por referencia a valores negociables, divisas, tipos de xuro ou rendementos, materias primas ou outros índices ou medidas;
- b) os instrumentos financeiros sinalados no artigo 2, puntos 2 a 8;
- c) os instrumentos financeiros recollidos no artigo 2.1.c) que pola súa vez sexan pasivos admisibles para a recapitalización interna de acordo co establecido na sección 4.ª do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto lei.

2. O Banco de España deberá desenvolver antes do [30 de setembro de 2017] os métodos necesarios para que as achegas anuais das entidades ao compartimento de garantía de depósitos do Fondo de Garantía de Depósitos sexan proporcionais aos seus perfís de riscos, incluíndo nos ditos métodos o novo factor descrito na letra e) do artigo 6.3 do Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Mentres o Banco de España non desenvolva os ditos métodos, as achegas anuais calcularanse conforme o disposto, con anterioridade á modificación introducida por este real decreto lei, no Real decreto lei 16/2011, do 14 de outubro, polo que se crea o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

As normas que neste real decreto lei se modifican ampáranse nos títulos competenciais que figuran nas normas obxecto de modificación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY